

BASES DO PROGRAMA DESAFÍOS EMPRESARIAIS CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

Convocado pola Universidade de Santiago de Compostela

a través do Programa Woman Emprende

I. Alcance e obxectivos

O Programa **Desafíos Empresariais con Perspectiva de Xénero** está destinado a promover a incorporación da perspectiva de xénero e a promoción da igualdade entre as empresas galegas e o estudiantado da Universidade de Santiago de Compostela. Este programa está promovido en colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia.

Consiste na resolución de diferentes retos ou desafíos, relativos á incorporación da perspectiva de xénero e da promoción da igualdade no ámbito empresarial. Estes desafíos serán propostos por diferentes grupos empresariais de Galicia que queiran introducir a perspectiva de xénero na súa organización empresarial, presentando situacions reais que pode ter unha empresa, nos seus diferentes departamentos, e que, coa incorporación de resolucións de desafíos con perspectiva de xénero, mellorará a actividade empresarial.

O obxectivo principal deste Programa é estimular e detectar variables de análise que describen a situación das mulleres e homes nas empresas, facilitar a comparación das mesmas, identificar diferencias e/ou espazos nos que proponer ideas innovadoras.

Esta convocatoria de participación vai dirixida ao estudiantado de todas as áreas do coñecemento da Universidade de Santiago de Compostela, con interese en desenvolver desafíos ou retos de xénero e a aplicación dos mesmos aos diferentes departamentos dunha organización industrial (socioloxía, economía, finanzas, recursos humanos, marketing, dereito, internacionalización, psicoloxía, educación, etc.)

II. Obxectivos específicos

Dirixidos ao alumnado da Universidade de Santiago de Compostela:

- Obtén experiencia en casos reais de grandes empresas.
- Analizar como a perspectiva de xénero mellora ás organizacions empresariais.
- Ser conscientes das desigualdades de xénero.
- Achegarse ao mundo dos negocios.
- Transferir os coñecementos adquiridos para practicar a súa incorporación ao mercado laboral.



- Estimular a súa creatividade e traballar en equipos.
- Adquirir competencias en relacións entre diferentes disciplinas e áreas do coñecemento.

Dirixidos ás empresas:

- Incorporar a perspectiva de xénero nas súas organizacións empresariais.
- Obter do entorno universitario solucións creativas a desafíos reais.
- Fomentar o compromiso social das súas empresas.
- Mellorar na integración da perspectiva de xénero na empresa.
- Captar alumnado emprendedor con talento.
- Fortalecer a relación Universidade-Empresa e que se faga pola IGUALDADE .

III. Ámbito

Universidade de Santiago de Compostela

IV. Participación e inscripción

1. A inscripción deberá realizarse a través da web: www.womanemprende.org dentro dos prazos establecidos para tal efecto. (Ver "Prazo de Inscrpción").
2. Poderá presentarse todo o alumnado, de todas ás titulacións oficiais, e de calquera das etapas da súa formación, da Universidade de Santiago de Compostela.
3. Hai dúas modalidades de participación: individualmente ou por equipos. (Ver "Modalidades").
4. Os equipos estarán compostos por un mínimo de 3 e un máximo de 5 participantes.

No caso de que algunha persoa non cumpla cos requisitos citados, a súa inscripción non será tida en conta, quedando excluída do programa.

Para conformar e seleccionar os equipos, terase preferencia por aquelas persoas que teñan perfil e formación multidisciplinar, para promover a participación de alumnado con diferente formación universitaria.

V. Modalidades

A inscripción poderá ser realizada:

- **Individualmente:** cada persoa presentará a súa ficha de inscrición de forma individual. Posteriormente a USC a través do Programa Woman Emprende, en colaboración coa Empresa que lanza o desafío, conformará os equipos de traballo tendo en conta a información facilitada polas candidatas e candidatos
- **Por equipos:** cada participante do equipo realizará un rexistro por equipos e, ao efectuar a inscrición, indicaranse as direccións de email das restantes persoas do grupo que tamén deberán estar rexistradas baixo a mesma modalidade (por equipos).

Cada equipo deberá estar formado por un **mínimo de 3 e un máximo de 5 participantes**.

VI. Prazo de Inscrición

O prazo de inscrición estará aberto dende o 8 de novembro ata o 5 de decembro de 2019.

VII. Forma de Participar

Para poder participar no Programa, deberase cubrir o formulario da web www.womanemprende.org/desafios.

Para que a candidatura sexa válida deberanse encher todos os campos do formulario -en anexo- e cumplir cos requisitos mencionados no apartado IV) destas bases.

O envío da candidatura leva implícita a aceptación dos seguintes puntos:

Obrigacións da persoa participante:

- Aceptación das bases do programa: o envío do formulario de inscrición implica a aceptación das bases por parte de todas as persoas participantes do equipo.
- Os equipos que se inscriban grupalmente poderán realizar modificacións de integrantes durante o período de inscrición. Unha vez que finalice o período de inscrición, non se permitirán modificación dentro dos grupos.
- Calquera conflito orixinado dentro de cada grupo é da súa exclusiva responsabilidade. As entidades convocantes (USC e Secretaría Xeral de Igualdade) e a Empresa non actuarán, baixo ningún concepto como mediadoras na resolución de conflitos que xurdan dentro dos grupos. Con todo, a USC resérvase o dereito a apartar do programa a aqueles grupos ou participantes individuais cuxa actuación vaia en contra dos principios do programa ou das súas bases ou cuxo comportamento infrinxxa as leis vixentes ou vaia en contra dos normais principios éticos que deben primar nun programa desta natureza.



- Aceptación das decisións do equipo avaliador – selección e avaliación- durante as distintas fases do programa.
- Garantía de orixinalidade e propiedade das propostas de resolución dos desafíos aportadas polos equipos.

Obrigacións da Universidade de Santiago de Compostela a través de Woman Emprende

- Informar ás persoas participantes sobre calquera modificación no cronograma, bases e/ou actividades mediante a actualización de ditos contidos na web de Woman Emprende ao seu debido tempo, vía email ou chamada telefónica.
- Facilitar o contacto coa persoa titora da empresa propoñente do desafío e coa titora de Woman Emprende, que actuarán durante o tempo de elaboración da proposta.
- Garantir a confidencialidade dos datos facilitados polas persoas participantes.

VIII. Fases, formación de grupos, desenvolvemento e duración do Programa

Fases:

- **Inscripción:** 8 de novembro a 5 de decembro de 2019.
- **Formación de equipos:** 16 de decembro de 2019.
- **Desenvolvemento do Programa Desafíos Empresariais con perspectiva de xénero** (límite de entrega de resultados): do 13 de xaneiro ao 13 de abril de 2020.
- **Avaliación das propostas e comunicación do fallo do xurado:** maio de 2020

Publicarse no taboleiro do Edificio Emprendia a listaxe das persoas que se inscribiron no Programa Desafíos Empresariais con perspectiva de xénero, e tamén a formación e as persoas integrantes dos equipos.

Formación de equipos

A USC, a través de Woman Emprende, en colaboración coa Empresa, aprobará a participación no Programa dos equipos que se inscribiran optando pola modalidade “por equipos” e que cumpran cos requisitos de participación.

A USC, a través de Woman Emprende, en colaboración coa Empresa formará equipos de entre 3 e 5 integrantes, tendo en conta ás persoas que se inscribiran optando pola modalidade “individualmente”, e que cumpran con requisitos de participación.

Desenvolvimento

Unha vez conformados os equipos, convocarase a todas as persoas participantes a unha xuntanza grupal na que se explicarán as normas de funcionamento do Programa. Aquelas persoas que non poidan asistir recibirán a información vía mail ou teléfono.

Os equipos traballarán baixo a titorización de persoal experto asignado pola USC, que os guiará e acompañará en todo o proceso de resolución do desafío.

Os equipos poderán traballar na resolución do desafío de forma presencial ou telemática, en función da dispoñibilidade das persoas que o integran e da persoa asignada coma titora do equipo.

Os equipos terán a súa disposición a unha persoa titora por parte da Empresa propoñente do desafío á que dirixirse para solicitar información, e outra por parte da USC a través de Woman Emprende como responsable da xestión do Programa.

Unha vez concluída a fase de Desenvolvimento do Programa Desafíos Empresariais con Perspectiva de Xénero, cada equipo entregará a proposta realizada, tendo como data límite de entrega o día 13 de abril de 2020, a través da conta de correo electrónico: info@womanemprende.org

Duración do Programa:

O tempo dispoñible para que os equipos seleccionados traballen na elaboración de solucións aos Desafíos será de 3 meses – do 13 de xaneiro ao 13 de abril- .

IX. Criterios de Avaliación

Os proxectos presentados serán avaliados de acordo coa adecuación da solución ao Desafío exposto pola Empresa, tendo en conta os seguintes criterios:

- Incorporación de medidas que supoñan a integración da perspectiva de xénero no desafío proposto
- Definición de indicadores de xénero aplicados ao desafío proposto, e un programa de seguemento dos mesmos
- Desagregación dos datos aportados por sexo
- Impacto de xénero que acada a solución proposta
- Viabilidade da proposta de solución tendo en conta o desafío e a Empresa



X. Valor e natureza dos premios

A empresa que propón o desafío, determina e asume o premio que recibirá o equipo gañador. Pode ser tanto un premio en metálico coma outro tipo de premio, ou a combinación de ambas modalidades de premios.

Publicarase na web do programa o título do desafío, a descripción do mesmo e o premio que conleva a súa resolución.

XI. Xurado do Programa

O Xurado que dictaminará cal é a proposta gañadora estará composto por persoal das entidades convocantes (USC e Secretaría Xeral de Igualdade) e a Empresa que propón o desafío, da seguinte forma:

- Dúas persoas a proposta da empresa que lanza o Desafío
- Unha persoa a proposta da USC
- Unha persoa a proposta da Secretaría Xeral da Igualdade

XII. Propiedade Intelectual e/ou Industrial

Todas as persoas participantes no presente Programa garanten que as propostas presentadas serán elaboradas sen incorporar ás mesmas contidos sobre os que existan dereitos de propiedade intelectual e/ou industrial (cando estean protexidos por patentes) que non sexan propios. En todo caso, garanten que as propostas e todo o seu contido son aportadas voluntariamente ao presente Programa e non infrinxen dereitos de terceiros/as nin son ofensivos, nin denigrantes, nin incitan á violencia, racismo, nin vulneran os dereitos fundamentais nin as liberdades públicas recoñecidas pola normativa aplicable internacionalmente e sobre a protección da infancia e a xuventude, nin constitúen nin supoñen unha intromisión na intimidade persoal ou familiar das persoas físicas nin unha violación do derecho ao honor de terceiros/as ou do secreto das comunicacións ou son contrarias á normativa vixente.

Así mesmo, todas as persoas participantes serán recoñecidas como autoras das propostas que realicen, e o equipo gañador outorga á empresa unha licencia de uso sobre a súa proposta, con carácter gratuito, para que poida exercer os dereitos de explotación da mesma contando coa participación do equipo gañador no proceso de implantación da proposta premiada.

XIII. Dúbidas sobre “Regras de Participación”

Para calquera dúbida sobre o presente documento, por favor, contactar con: info@womanemprende.org

XIV. Tratamento de datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e co Regulamento UE 2016/679, os datos recabados serán tratados pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) no tratamento de “usuarios de servicios da USC” coa finalidade de Xestión de persoas físicas ás que a Universidade de Santiago de Compostela lles oferte e preste servicios non académicos.

O responsable de dicho tratamento é a Vicerreitoría de Comunicación, Cultura e Servizos, Colexio de San Xerome Praza do Obradoiro, s/n.

O Delegado de Protección de Datos é D. José Julio Fernández Rodríguez, dpd@usc.es

A base de xustificación deste tratamento é o consentimento expresado polas persoas interesadas.

Non se prevén cesións nin transferencias de datos.

As persoas interesadas poden exercer ante o responsable os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamiento oposición e portabilidade a través de la Sede Electrónica de la USC

<https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.htm>

Tamén poden dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos para realizar a reclamación que consideren oportuna.

No caso de non facilitar o consentimento, os datos non serán tratados, pero non se lles poderá ofertar o servizo solicitado.

Os datos serán conservados durante o período no que se realice a finalidade para a que foron recollidos, ou o tempo necesario para cumplir coas obrigacións legais. Cumprida a finalidade, os datos se bloquearán ou eliminarán.

A política de privacidade e protección de datos da USC pódese consultar en

<http://www.usc.es/gl/normativa/protecciondatos/index.html>

A persoa que candidate debe dar o seu consentimento para o tratamento dos datos proporcionados de acordo coa lexislación vixente, no momento de cubrir e enviar o formulario de inscrición.



A persoa participante consente dar a cesión dos datos persoais á empresa que propón o desafío, coa finalidade de que o mesmo poida ser levado a cabo.

Todas as persoas participantes no presente Programa consenten o uso dos contidos da Proposta así como dos seus datos de carácter persoal para usos promocionais e de difusión do presente Programa, incluíndo a súa publicación nas diferentes páxinas web titularidade de Woman Emprende, da Empresa que propón o desafío e da Secretaría Xeral de Igualdade, sen que dita utilización lle confira dereito algún a ningún tipo de compensación económica.

XV. Aceptación dos termos e condicións

A participación no presente Programa Desafíos Empresariais con Perspectiva de Xénero supón a aceptación íntegra dos termos e condicións establecidos nas presentes bases.

XVI. Lexislación aplicable

O Programa sométese á lexislación española e a participación no mesmo conleva automaticamente a súa submisión a tal lexislación e á xurisdición en todo ao que o mesmo se refira.

Santiago de Compostela a 8 de novembro de 2019.

(por delegación, Resolución Reitoral de
20/06/2018 DOG de 29/06/2018
O VICERREITOR DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN



Asinado: Vicente Pérez Muñozuri
Asinado: **Vicente Pérez Muñozuri**

Vicerrector de Investigación e Innovación

Universidade de Santiago de Compostela

Anexo : Formulario de Inscrición

- **Nome e Apelidos**
- **Idade**
- **Email**
- **Teléfono**
- **Facultade**
- **Desxetas engadir outro participante?**
- **Observacións**